PRIMEIRO AMIGABLE DA PRETEMPORADA

O equipo xuvenil de Ares vai ter a primeira proba, mañá, sábado 20 de agosto, ás 11.45 h. en Prados Vellos. O rival será o conxunto coruñés do Ciudad Jardín.

Ares, 19 de agosto de 2016.

Miguel Carballeira e José Antón porán a primeira pedra do que será o Numancia xuvenil da temporada 2016-17. Teñen por diante unha tarefa complicada pois moitos dos xogadores que conseguiron o título de Liga a temporada pasada, subiron á categoría de afeccionados, así que deberán construír un equipo novo. Certo que aínda continúa unha parte do plantel e que tamén se incorporan xogadores procedentes do equipo cadete.

Para mañá están convocados os seguintes xogadores:

Continúan da temporada anterior: Emi, David, Rolo,Pablo Cartelle, Pablo Ferro, Óscar, Carlos, Sergio, Miguel e Nico.

Proceden de cadetes: Álvaro, Pablo Cavezza, Álex Feal, Álex Saavedra e Raúl Anido.

Así pois, mañá poderemos ver como se vai armando este novo Numancia xuvenil.